



CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzó de Limia – Tif. 988 550 111 – Fax. 988 550 112

www.xinzodelimia.gal

BASES “XINZOENFLOR 2021” 2º CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E XANELAS

O Concello de Xinzó de Limia convídavos a participar no “2º Concurso de Embelecemento de Balcóns e Xanelas XINZOENFLOR 2021”

OBXECTIVO

Premiar ás persoas que embelecendo os seus balcóns e xanelas contribúan á mellora da calidade ambiental e estética do noso entorno, tanto na vila como nos pobos, e á vez, fomentar este costume entre as veciñas e veciños. O obxectivo non é o concurso en si, senón premiar o esforzo e interese da cidadanía por enfeitar a súa vivenda para crear un entorno agradable e saudable. Unha colaboración entre cidadanía e Concello para coidar e mimar os espazos públicos que se poden mirar dende as rúas.

PARTICIPANTES

A participación está aberta a toda a cidadanía do concello de Xinzó de Limia.

INSCRICIÓN

Enchendo e entregando o impreso de solicitude de participación debidamente cuberto con todos os datos por calquera dos seguintes medios:

- Descargándoo da web do Concello (www.xinzodelimia.gal) e enviándoo por correo electrónico ao enderezo: concursos@xinzogal
- Presencialmente nas dependencias do Concello, 1º andar en INFORMACIÓN.

O prazo de inscrición rematará o día 15 de agosto ás 14:00h.

Repartirase unha planta por vivenda por rigorosa orde de inscrición, ata fin de existencias.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Premiarase o balcón ou xanela máis bela, para iso, débense usar plantas vivas como elementos ornamentais e deben ser visibles dende a rúa polo xurado.

As persoas participantes terán liberdade para embelecelos, pero sempre respectando a contorna (vivendas doutros veciños, rúa...) e garantindo a seguridade.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Orixinalidade e creatividade da composición.
- Calidade ornamental.
- Harmonía e deseño do conxunto.
- Laboriosidade.



CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf. 988 550 111 – Fax. 988 550 112

www.xinzodelimia.gal

PREMIOS

Haberá dous premios para cada unha das seguintes categorías:

- **XINZO VILA:** dous bonos de 100 euros para utilizar en comercios de Xinzo.
- **XINZO POBOS:** dous bonos de 100 euros para utilizar nos comercios de Xinzo

O fallo do xurado terá lugar o 30 de agosto. As persoas participantes serán avisadas con antelación da data e hora da entrega dos premios.

XURADO

O xurado do presente concurso estará integrado por un representante de cada grupo municipal, e por 3 veciños que queiran participar na deliberación, de non haber voluntarios, solicitarase a presenza dun xardineiro titulado. Visitarán os balcóns e xanelas adornadas con flores e plantas durante o mes de xullo e agosto co fin de premiar ao conxunto ornamental máis belo.

COMPROMISO

O Concello notificará directamente ás persoas gañadoras por teléfono e publicará os nomes na web municipal.

Coa inscrición acéptase permitir a divulgación das imaxes dos balcóns e xanelas participantes.

Esta inscrición implica a aceptación das bases do concurso, así como da decisión do xurado.

En Xinzo de Limia, a 10 de xuño de 2021